



.....

Xornada en liña

Un achegamento á historia da música mecánica

.....

Xoves, 29 de abril de 2021



Os seres humanos, dende tempos inmemoriais, e en constante observación da natureza, sentiron a necesidade de utilizar o son, non só para comunicarse e orientarse, senón tamén como elemento ritual, tanto de caza como lúdico. Axiña empregarían e elaborarían instrumentos, que vibraban pola forza do vento ou a auga, xurdiron así os primeiros instrumentos que non eran executados polo home. A través de distintas culturas, como a chinesa, construíronse autómatas que bailaban e producían sons, o que deu lugar á mecanización da música. A automatización levou a inventar cilindros codificados con pugas utilizados en órganos de salón, carillóns, caixas de música etc. A finais do século XIX os avances científicos e técnicos desembocarían nunha revolución tecnolóxica que cambiou, e segue cambiando, o mundo.

Polo tanto, co obxectivo de achegarnos ao apaixonante mundo da música mecánica, organizamos esta xornada, que dividimos en dous relatorios. No primeiro, Germán Díaz realizará una incursión pola historia dos instrumentos de música mecánica a través de aparellos da súa propia colección, os cales fará soar e mostrará o seu funcionamento e curiosidades; como agasallo interpretará dúas cancións do seu Método Cardiofónico, onde se pode escoitar a caixa de música e a rolmónica cromática. No segundo relatorio, Jordi Roquer falaranos dun dos trebellos máis importantes e orixinais dos xurdidos a finais do século XIX, como foi a pianola, aparello que utilizaría os rolos de papel perforado; é un dos primeiros sistemas de difusión masiva de música. Na charla, Jordi afondará en dúas cuestións fundamentais: en primeiro lugar, a posibilidade de estudar as interpretacións de grandes pianistas a partir das súas gravacións para pianola e, en segundo lugar, os catálogos das principais editoriais estatais, dende os que podemos coñecer cuestións importantes como o consumo e a recepción musical. Para iso centrarase nun caso particularmente interesante como é o dos *Preludios* I e II de Frederic Mompou e na produción e edición de rolos de compositores galegos como José Baldomir, Pascual Veiga, Canuto Berea e Enrique Lens Viera.

Programa

Presentación da xornada

Dolores Vilavedra, coordinadora da Sección de Música, Artes Escénicas e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega

Alejo Amoedo, integrante da Sección de Música, Artes Escénicas e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega

- *Historia da música mecánica*
Germán Díaz

- *O rolo de pianola como soporte para a investigación musical: da interpretación á recepción*
Jordi Roquer González

Germán Díaz

Músico e filólogo nado en Valladolid e afincado en Arneiro (Cospeito), destaca como zanfonaista e é considerado como un dos intérpretes deste instrumento máis innovadores de Europa. Ao longo da súa traxectoria tocou en numerosos países de todo o mundo. É un innovador pola súa fusión da música tradicional co jazz, xénero en que sobresaen as súas colaboracións co contrabaixista galego Baldo Martínez.

Pertenceu á orquestra de zanfona Viellistic Orchestra e formou dúo xunto co director artístico desta, Pascal Lefeuvre, ademais de cofundar o Symphonía Quartet, quarteto ibérico de zanfona, xunto con Rafael Martín, Marc Egea e Pascal Lefeuvre.

Publicou numerosas obras como solista e colaborou en máis dun centenar de gravacións. Compuxo bandas sonoras orixinais para cine, teatro e televisión. No ano 2004 creou a súa propia discográfica, Producciones Efímeras, xunto con

Fernando Fuentes, prestando especial atención aos traballos de zanfonaistas como Marc Egea ou Matthias Loibner.

Entre os premios e recoñecementos destacan: Racimo de Oro da Música, polo labor de recompilación e difusión da música tradicional, no 1999; o seu álbum *Música popular da Guerra Civil* –dúo de zanfona e guitarra–, en colaboración con Antonio Bravo, foi elixido segundo mellor álbum do ano 2009 por *Cuadernos de Jazz* e mellor álbum internacional pola veterana revista xaponesa *Jazz Tokyo*; Premio á mellor banda sonora no Festival de Curtametraxes La Fila, por *Artículo 349*, no 2009; Mellor artista 2014 nos XIV Premios Opinión, A Coruña; Premio Mestre Mateo 2018 á mellor música orixinal por *Dhogs*; e Premio á mellor banda sonora no Festival de Cans 2019 por *Limbo*.

Posúe unha importante colección de instrumentos mecánicos.

Jordi Roquer González

Músico e profesor do Departamento de Artes e Musicoloxía da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), onde imparte as materias Músicas e Culturas e Tecnoloxía Musical. Tamén é profesor de Grao de Medios Audiovisuais na Universitat Pompeu Fabra (TecnoCampus Mataró-Maresme), impartindo Creación Musical, Técnicas de Producción de Audio e Producción Musical. Como músico leva publicado máis de vinte traballos discográficos entre música pop, teatro musical e música para cine.

Dende o ano 2010 forma parte do grupo de investigación MUSC (Músicas nas Sociedades

Programa

Contemporáneas, UAB) e máis recentemente do SSIT (Silencio, Son, Imaxe e Tecnoloxía, TC-UPF). A súa área de investigación móvese arredor das relacións entre música e tecnoloxía. Publicou varios artigos e capítulos de libros nos que aborda os ditos temas, centrándose sobre todo en como a tecnoloxía inflúe, non só na creación musical, senón tamén na súa percepción e recepción social. Nos eidos dos formatos históricos, traballou especialmente a fondo o caso dos rolos de pianola, motivo da súa tese de doutoramento.

Nos últimos anos dirixiu proxectos de dixitalización de arquivos sonoros para institucións como a Biblioteca Nacional de España, o Museo de Música de Barcelona, o Museo do Mediterráneo ou a Biblioteca Nacional de Catalunya.

A Fundación Cultural Latin Grammy outorgoulle unha bolsa para traballar cunha serie de pezas musicais situadas en rolos de pianola almacenados no Archivo Histórico de Ecuador, en Quito. Ao mesmo tempo, tamén recibiu unha subvención da Association for Recorded Sound Collections (ARSC) para apoiar a reprodución e gravación de rolos de pianola orixinais gravados a finais dos anos vinte por Frederic Mompou e Manuel Blancafort.

Organiza

Sección de Música e Artes Escénicas. Consello da Cultura Galega

Coordina

Alejo Amoedo

Información

A actividade non será presencial.

Non é necesaria inscrición previa.

Os contidos estarán dispoñibles no noso web e na nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerán na Mediateca para consultas futuras.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

